

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. El presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1.07.2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30.06.2016.

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación antes do día 30.04.2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado do importe correctamente xustifico. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2016. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar el convenio variando sustancialmente el obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E JURISDICCÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data 30 de decembro do 2015.

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.



DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE CONTRATACION

Numero 7/2016

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A "CASA DE GALICIA" (URUGUAI) PARA O COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO SANITARIO PARA OS SEUS CENTROS SANITARIOS EN MONTEVIDEO

Na Coruña o 13 de xaneiro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte D. Antonio Leira Piñeiro, Deputado de Economía, Facenda, Contas e Réxime Interior, en virtude das resolucións da Presidencia num. 15671/2015 e num. 16642/2015, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área, e

Doutra, D. Manuel Ramos Pérez, que intervéñ neste acto en nome e representación da "Casa de Galicia", cuxo domicilio social está en Colonia, 1474, Montevideo (Uruguai), actuando na súa cualidade de Presidente e conforme coas competencias que ten atribuídas de acordo cos seus estatutos.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

MANIFESTAN

A "Casa de Galicia" (en adiante a beneficiaria) é unha asociación civil sen fins de lucro, tal e como rezan os seus estatutos, inscrita no Rexistro da Galeguidade da Xunta de Galicia, fundada en 1917, ao amparo da lexislación da República do Uruguai, que ten como finalidade outorgar servizos de asistencia médica colectiva, que conta cun local central, un sanatorio e catro policlínicas ubicadas na cidade de Montevideo.

Os cidadáns da provincia da Coruña e as institucións que a representan deben manter unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se atopan alonxados da súa terra, organizados a través de asociacións que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á súa protección e atención das necesidades básicas, así como ao mantemento dos lazos culturais.

A Lei 40/2006, do 14 de decembro, pola que se aproba o Estatuto da cidadanía española no exterior, constitúe o marco xeral de regulación dos dereitos dos españois residentes no exterior, e fai un chamamento xeral a todos os poderes públicos para promover, entre outros aspectos, a protección e apoio aos servizos sociais para maiores e dependentes (art. 20), así como á colaboración entre o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións locais para a promoción de políticas de protección e retorno.

Aínda que a entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sostibilidade da administración local, supuso unha modificación importante na configuración xeral do mapa competencial das entidades locais, de tal xeito que, actualmente, resulta cuestionable a competencia das entidades locais para levar a cabo actuacións neste eido, a Lei 5/2014, de 27 de maio, de adaptación a Galicia da reforma citada permite ás entidades locais dar continuidade a aquelas actuacións de fomento establecidas en exercicios anteriores, tales como as que a Deputación da Coruña ven levando a cabo dende hai máis dunha década en favor das colectividade galegas.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a cualidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a continuación no apoio á realización de actuacións que conleven garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a "Casa de Galicia", para o cofinanciamento do equipamento sanitario que foi adquirido pola entidade, segundo a factura de "Mare Ltda." núm. A-15193, de 14.10.2015, por importe de 42.385,24 USD, equivalentes a 37.395,65 €, consistente nunha "Máquina de anestesia GE Ohmeda e un monitor de gases GE Datex".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA CTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA.

O orzamento dos gastos aludidos no apartado anterior ten o seguinte desglose:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Máquina de anestesia GE Ohmeda e un monitor de gases GE Datex	37.395,65
TOTAL	37.395,65

O importe da adquisición en USD é de 42.385,24, equivalentes a **37.395,65 €**, segundo os tipos de cambio vixentes nas datas dos distintos pagamentos fraccionados (Recibos núms. 010791, pagado o 7.07.2015, e núm. 011228, pagado o 14.10.2015).

III.- COFINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña se compromete a colaborar no cofinanciamento da citada adquisición cunha achega máxima de 25.000,00 € (VINTECINCO MIL EUROS), o que equivale a un coeficiente de financiamento do 66,8527 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 66,8527 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/23132/781, do orzamento xeral para 2015, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente por importe de 25.000,00 €, sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese a beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que exista no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministrados necesarios para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria. Non se podrá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concurra algunha das circunstancias ás que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitar cando menos tres presupostos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, se deberá elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das adquisicións, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá facerse constar sempre o cofinanciamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.
- Copia do contrato formalizado, do albarán de entrega e da factura. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que se faga constar que a mesma foi presentada como xusticante de gasto para obter unha subvención provincial
- Certificación da incorporación dos bens ou equipamentos obxecto da achega provincial ao inventario de bens da beneficiaria e compromiso de destinalos á finalidade social da entidade durante cinco anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, a Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os criterios contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición do equipamento que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, foi realizado o día 14.10.2015, data de emisión da factura correspondente.

2. Unha vez realizada a adquisición, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI, no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio previsto na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación aportada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social, salvo que, por non ter actividades en España, no sexa preciso tal acreditación. Para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor..

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIONS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conllevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización da actividade conllevará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e superará o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es